

MESA DE ALCALDES/A DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA

Pazo de María Pita, 4 de maio de 2018

ACORDOS

Entrevistas co ministro de Fomento e o presidente da Xunta

- 1.- Reprobar o menosprezo do ministro de Fomento e mais do presidente da Xunta de Galicia cara á cidade da Coruña e a súa área metropolitana, por non ter respostado ao requerimento dos alcaldes e ter realizado visitas oficiais a Galicia e mesmo á cidade da Coruña sen contar cos seus representantes locais.
- 2.- Reiterar as solicitudes de entrevista con ambas as dúas administracións realizadas por acordo da Mesa de Alcaldes e Alcaldesa o pasado 20 de marzo.
- 3.- Esixir unha resposta positiva a estas solicitudes nun prazo máximo de dez días, antes de adoptar outras medidas.

Transporte metropolitano

- 1.- Impulsar, no marco da tramitación e aprobación do Plan de Transporte Público de Galicia, a creación dunha Autoridade Única de Transporte Metropolitano da Coruña, baixo a fórmula dun consorcio participado polos concellos impulsores e a Xunta de Galicia, cuxa misión será a de planificar, coordinar e xestionar o servizo de transporte no conxunto da área metropolitana.
- 2.- Acordar que esta Autoridade Única de Transporte Metropolitano se integrará na estrutura da futura Área Metropolitana da Coruña, para o que cómpre impulsar os traballos e os acordos necesarios para que se aprobe canto antes a correspondente lei do Parlamento de Galicia segundo se prevé no artigo 122 da Lei de Administración Local de Galicia.
- 3.- Requerirlle á Xunta de Galicia, mediante unha alegación conxunta dos concellos impulsores, a inclusión de Autoridade Única de Transporte Metropolitano no Plan de Transporte Público de Galicia actualmente en exposición pública o seu documento básico, tanto aos efectos de planificación como de integración, metropolitana e urbana, de liñas de transporte.

4.- Encomendarlle á Mesa Metropolitana do Transporte a elaboración dunha proposta de alegación que recolla o sentido deste acordo e que lle sexa elevada á Mesa de Alcaldes/a da Área Metropolitana á maior brevidade posible.

5.- Facultar ao Alcalde da Coruña para facer as xestións necesarias para que a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, con competencias tamén en materia de transporte, reciba á Mesa de Alcaldes/a da Área Metropolitana da Coruña.